

## PERFIL DO CONTRATANTE

### ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

Para cumprir co disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a resolución de adxudicación provisional do procedemento negociado sen publicidade da obra "REFORMA DO CENTRO SOCIAL DE A SACEDA", adoptado por acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de febreiro de 2009, co seguinte contido:

Logo de completarse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra " REFORMA DO CENTRO SOCIAL DE A SACEDA", financiada con cargo ó Fondo Estatal de inversión local, convocado por acordo da Xunta de Goberno Local do 29 de xaneiro de 2009, con apertura de documentación administrativa xeral e proposicións económicas do 23 de febreiro do 2009, examínase a proposta de adxudicación que fai a Mesa de contratación a favor de Construcciones A Portela, S.Coop. LTDA. ., conforme á acta levantada para o efecto.

Considerando que corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución deste expediente, conforme á delegación que fixo o Pleno do Concello, mediante acordo de data 28 de xuño de 2007, da competencia para a contratación de obras que non superen un ano.

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións previstas no apartado 2º da Disposición Adicional 2ª, da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, por unanimidade, **ACORDA:**

**Primero.-** Adxudicar provisionalmente a execución destas obras á empresa Construcciones A Portela, S.Coop. LTDA., por un importe de 75.000 € (IVE e demais tributos incluídos).

**Segundo.-** Notificarlle este acordo ós licitadores e publicalo no perfil do contratante.

**O ALCALDE**

**Fdo. LUCIANO RIVERO CUQUEJO.**